

Fala Londres 8

Área de Galego do IE Cañada Blanch de Londres



Cantigas e bailes

O luns, 22 de xaneiro, da man de Mario Pereiro, da ACF o Fiadeiro (Vigo), tivemos a oportunidade de aprender sobre os bailes característicos das distintas zonas de Galicia e dos distintos ritmos de cada zona. Para rematar, tivemos unha sesión práctica para aprender algúns pasos de baile, ademais dalgunha técnica vocal e de entoación con diferentes pezas da tradición oral.

On Monday, January 22, by Mario Pereiro, from the ACF the Fiadeiro (Vigo), we had the opportunity to learn about the characteristic dances of the different areas of Galicia and the different rhythms of each area. Finally, we had a hands-on session to learn some dance steps, plus some vocal and intonation technique with different pieces of oral tradition.

Obradoiro de filloas

Como anticipo das actividades programadas para celebrar o entroido, o día da Candeloiira, o alumnado de galego participou nun obradoiro de filloas. De xeito colaborativo, mesturaron o amoado, ata facer cadaquén a súa propia filloa... sen esquecer a música, os risos e a imaxinación para adornarlas. Desfruta do Entroido!!!

As an anticipation of the activities scheduled to celebrate the carnival, on Candeloiira Day, the Galician students participated in a children's workshop. Collaboratively, they mixed the amoado, even making each of their own sona... Not to mention the music, the laughs and the imagination to adorn them. Enjoy the carnival!!!



Entroido

Ademais do entroido ourensán, no resto de Galicia tamén se celebra o entroido mantendo as tradicións ancestrais. A través dun vídeo puidemos aprender un pouco máis sobre esta celebración en cada zona. Para finalizar, e grazas á colaboración dunha familia, puidemos degustar as características flores de entroido. Viva o entroido!!!

In addition to the carnival of Ourense, in the rest of Galicia the carnival is also celebrated while maintaining the ancestral traditions. Through a video we were able to learn a little more about this celebration in each area. Finally and thanks to the cooperation of a family, we were able to taste the characteristic carnival flowers. Long live the carnival!!!



Namórate da lingua

"O meu amor por Galicia é como o mar que bate nas nosas costas, profundo e eterno."

Con motivo do Día dos namorados, realizamos un concurso de declaracións de amor cara a lingua galega con dúas modalidades: cartel e vídeo. En calquera deles, había que inserir un eslogan de amor cara a lingua. Os resultados, maravillosos!

On the occasion of The Day of the Lovers, we hold a contest of declarations of love towards the Galician language with two modalities: poster and video. In both of them, there was a need to insert a love slogan toward the language. The results, wonderful!

Día de Rosalía

O 23 de febreiro, o alumnado de galego de Secundaria fixo unha presentación, unha xincana sobre a autora, colaborou na elaboración dun marcapáxinas con poemas, un obradoiro de chapas e fotomontaxes sobre a autora galega máis universal.

On February 23, the Galician secondary school students made a presentation, a gynacan about the author, collaborated in the development of a bookmark with poems, a workshop of sheets and photomontages about the most universal Galician author.




Rosalía nena

Varias alumnas de galego de Secundaria fixeron unha pequena presentación da poeta, un crebacabezas e bailaron con poemas musicados co alumnado de Infantil. Como actividade extra, estiveron coloreando un marcapáxinas personalizado.

Some secondary students made a small presentation of the poet, a puzzle, and danced with poems set to music with kindergarten students. As an extra activity, they've been coloring a custom bookmark.





Día da muller

As mulleres de Galicia nunca quedaron caladas. A nosa historia está construída a través do esforzo de mulleres que tiraron da nosa historia, da nosa arte e da nosa cultura, sen obter nin o recoñecemento nin a lembranza que merecían. O alumnado de galego lembrou algunha delas cunha exposición para conmemorar o Día da Muller.

The women of Galicia have never been silent. Our history is built through the efforts of women who pulled from our history, our art and our culture, without getting either the recognition or memory they deserved. She recalled some of them with an exhibit to commemorate Women's Day.

Día das Artes

O alumnado de galego lembrou o escultor cambadés ao que este ano se lle dedica o Día das Artes Galegas a través dun video documental sobre a súa obra e un mural.

The students of Galician subject recalled the Cambades sculptor that whom this year the Galician Arts Day is dedicated to, through a documentary video about his work and a mural.



Preparando a viaxe

En marzo, tivemos a primeira reunión para a Viaxe da lingua que se vai realizar no mes de maio. Nesta primeira reunión, fixemos un avance do programa que inclúe facer parte do Camiño de Santiago, visitas a museos, espazos naturais e lúdicos das provincias da Coruña e Pontevedra.

In March, we had the first meeting for the Language Journey to be held in May. In this first meeting, we made an advance of the programme that includes making part of the Camino de Santiago, visits to museums, natural park and recreational spaces in the provinces of A Coruña and Pontevedra.

